

## **INFORMACION SOBRE A COMPRA DE VIVENDAS POR PARTE DO IGVS**

O Instituto Galego da Vivenda e Solo publicou hoxe no DOGA unha resolución do 4 de xuño de 2020 pola que acorda realizar unha oferta pública de adquisición, mediante compra de inmobles situados no Conxunto Histórico de Mondoñedo e no Barrio de Os Muíños para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación ou renovación para vivendas de protección oficial de promoción pública co fin da mellora e conservación e recuperación do patrimonio por un importe total de 300.000€.

O listado de rúas as cales sepropoñen para facer a dita oferta son as seguintes:

*Rúa José María Pardo, Avda. San Lucas, Rúa Leiras Pulpeiro, Praza San Xoán, Rúa Febrero, Rúa Peña de Francia, Rúa LenceSantar, Rúa Pacheco, Rúa da Riqueira, Rúa da Fonte, Rúa Álvaro Cunqueiro, Calexón de Pardiñas, Calexón Congruas, Calexón de Leña, Rúa San Roque, rúa Muíños de Abaixo, rúa Muíños de Arriba, Rúa Moscas, Avda. Bos Aires, Eladio Lorenzo, Rúa Casas Novas, Rúa Imprenta, Rúa Pascual Veiga, Rúa da Ponte, Praza da Catedral, Rúa Pardo de Cela, Travesía Entre Rúas, Rúa Alfonso VII, Rúa Progreso, Rúa Concepción, Praza do Concello, Rúa Andrés Baamonde, Rúa Lodeiro Piñeiroa, Rúa Guevara, Rúa Julia Pardo Montenegro, Rúa Rocha de Velez, Rúa Bispo Sarmiento, Rúa Os Castros.*



*(Plano delimitando a zona para presentar as ofertas das vivienda)*

*A oferta vai dirixida exclusivamente á adquisición, en pleno dominio e libre de cargas e gravames de inmobles de titularidade privada que estean inscritos no Rexistro da Propiedade.*

*Os prezos de adquisición non superará o valor límite da oferta (Vlt) que será o menor dos dous seguintes: O do valor máximo admisible de adquisición do inmovible ou o do valor de mercado do inmovible. (véxanse os cálculos no DOGA de 4.06.2020)*

*Os titulares interesados deberán presentar a oferta perante a Dirección Xeral do IGVS ou no propio Concello con un escrito no que figuren:*

*Datos persoais (Nome e apelidos, enderezo para os efectos de notificación, teléfono de contacto e, de ser o caso, enderezo electrónico), as características do inmovible con indicación da súa superficie e da rúa ou praza onde estea situado, así como unha proposta do prezo exixido para a súa adquisición, o cal deberá estar especificado con letra. O citado prezo non poderá estar condicionado, nin incluír variantes ou alternativas.*

*Xunto co escrito deberá xuntarse:*

- *Copia do DNI, nº identificación de estranxeiro, en caso de persoa xurídica copia do CIF e escritura de constitución así como documentos identificativos da persoa habilitada para actuar no seu nome.*
- *Cando a propiedade dos inmovibles sexa de mais de un titular deberá achegarse a documentación de todos eles, a súa cota de participación, un compromiso de venda da totalidade do inmovible así como un poder en que se designe a persoa que os represente para os efectos de venda ante o IGVS.*
- *Documento xustificativo da titularidade do inmovible.*
- *Certificación rexistral do inmovible.*
- *Declaración responsable do titular ou ben de que non existen cargas ou gravames sobre o inmovible.*
- *Certificación descritiva e gráfica da Dirección Xeral do Catastro.*
- *Certificación de que se atopa ao día do pagamento do imposto de bens inmovibles e de calquera outro tributo ao que estea suxeito*
- *Memoria descritiva do inmovible que deberá contar polo menos coa superficie da parcela onde se sitúa o inmovible, superficie edificable do inmovible, fotografías do interior e exterior, plano de situación do inmovible, autorización de acceso ao inmovible a favor das persoas que determine o IGVS para que se poidan realizar cantas inspeccións se consideren oportunas e certificado expedido polo Concello.*

**O prazo para presentar as ofertas remata o 25 de agosto do 2020**

*Para calquera información ou dúbida poden chamar o teléfono do*

*Concello 982524003-982521402*

*En Mondoñedo, a 4 de xuño de 2020*